

Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou da realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

A forma de pago da matrícula do conservatorio será o 50% da matrícula no mes de xullo e o 50% restante no mes de setembro.

#### *ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS*

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA*

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do RDL 2/2004, polo que se regula o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, estará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.” –

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS NA ESCOLA DE MÚSICA “VILA DO CORPUS” DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

#### *ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, 20.4 e 57 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Fachendas Locais, o concello de Ponteareas establece a taxa por ensinanzas na Escola de Música “Vila do Corpus” do Concello de Ponteareas.

#### *ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos de Escola Municipal de Música.

#### *ARTIGO 3º. OBRIGADOS TRIBUTARIOS*

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten a prestación dos servizos suxeitos ou resulten beneficiadas ou afectadas polos mesmos.

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas á que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 la Lei Xeral Tributaria.

#### *ARTIGO 4º. COTA TRIBUTARIA*

A cota tributaria se determinará mediante o sistema de costas fixas, conforme ás tarifas fixadas no artigo seguinte.

#### *ARTIGO 5º. TARIFAS*

A taxa para a escola municipal de música será a seguinte:

**1. ALUMNOS 4 Y 5 ANOS**

Matrícula	40,00€
Cuota mensual	24,90€

**2. ALUMNOS 6 Y 7 ANOS**

Matrícula	50,00€
Cuota mensual	29,90€

**3. ALUMNOS 8 A 18 ANOS**

Matrícula	60,00€
Cuota mensual	29,90€

**4. ALUMNOS ADULTOS ( MÁIS DE 18 ANOS)**

Matrícula	60,00€
Cuota mensual	49,90€

A forma de pago da matrícula da escola de música será: o 50% da matrícula no mes de xullo e o 50% restante no mes de setembro.

Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso - Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso -Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**ARTIGO 6º. NORMAS ESPECIAIS DE XESTIÓN**

1. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinarán a baixa automática no centro, previo informe da traballadora social que indique que non é por motivos económicos.
2. No caso de que existan cotas pendentes de pagamento algunha débeda, esta poderase esixir pola vía de prema a través dos servizos de recadación da Deputación (ORAL).

**ARTIGO 7º. BENEFICIOS FISCAIS**

Os membros de familiar numerosa xeral terán unha bonificación na matrícula dun 20%

Os membros de familia numerosa especial terén unha bonificación na matrícula dun 50%

**ARTIGO 8º. DEVENGO**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, aínda que se poderá esixi-lo depósito previo do seu importe, total ou parcial.

**ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

Para a calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, se estará ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na normativa que a complementa ou desenrole.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o día da súa publicación definitiva no “Boletín Oficial” da Provincia, surtindo efectos en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación.

Contra as presentes disposicións xerais os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, a 2 de setembro de 2013.—O Alcalde, Salvador González Solla.

**2013007891**

\* \* \*